

**Contabilidade trimestral.
Segundo trimestre de 2005**

Santiago de Compostela, 2005

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro
San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Tlfn: 981-541589 (de 9 a 14 horas)
Fax: 981-541323
e-mail: ige@xunta.es
<http://www.ige.xunta.es>

Elaboración

Instituto Galego de Estatística

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda

Colección

Área de estatísticas económicas

Deseño da portada

Imago Mundi

Índice

- I. Evolución recente da economía internacional.
- II. Evolución recente da economía española.
- III. A economía galega no segundo trimestre de 2005.
 - III.1. Demanda.
 - III.1.1. Demanda interna.
 - III.1.2. Sector exterior.
 - III.2. Oferta.
 - III.3. Mercado de traballo.
 - III.4. Salarios e prezos.
- IV. Perspectivas a curto prazo.
- V. Resumo e conclusións.

I. Evolución recente da economía internacional.


No segundo trimestre de 2005 a evolución da economía internacional caracterizouse por unha ralentización no crecemento con respecto ao crecemento do primeiro trimestre, debido en parte a alza que veñen experimentando os prezos do cru. Así, en Europa o crecemento económico foi inferior ao do trimestre precedente e segue a manterse nuns niveis moi reducidos. Estados Unidos, China e a maioría dos mercados emerxentes e os países en desenvolvemento mostraron neste trimestre un aumento inferior ou igual ao do trimestre precedente. En Xapón o dato tamén é alentador xa que a taxa de crecemento foi superior á do trimestre precedente aínda que en niveis polo de agora reducidos.

A taxa interanual de aumento do PIB en Estados Unidos foi do 3,6% no segundo trimestre de 2005, a mesma que no trimestre precedente. Tanto o consumo dos fogares como a demanda externa contribuíron ao mantemento do ritmo de avance. A Reserva Federal aumentou o tipo oficial do diñeiro advertindo que os riscos asociados ao prezo do petróleo, á desaceleración da produtividade e ao mantemento dos tipos de xuro a longo prazo en niveis moi baixos contrarrestarán os efectos do aumento.

China presentou un crecemento no segundo trimestre do 9,5%, un aumento similar ao acadado no primeiro trimestre e que estivo impulsado polas exportacións e o investimento

en activos fixos. A apreciación do yuan debido ao abandono do seu vínculo co dólar a finais de xullo é o inicio dunha etapa de gradual flexibilización cun efecto de lixeira moderación sobre o crecemento económico debido ao efecto negativo sobre as exportacións.

Polo que respecta a Xapón, a expansión rexistrada no primeiro trimestre continuou no segundo cun avance do 1,5%, cinco décimas superior ao crecemento rexistrado no primeiro trimestre. Foi a demanda interna a que contribuíu ao crecemento xa que o saldo exterior restou unha décima ao crecemento. A taxa de paro quedou situada en xuño no 4,2%, a cifra máis baixa dende mediados de 1998 e a inflación segue a rexistrar crecementsos interanuais negativos.



No resto das economías emerxentes asiáticas o comportamento é dispar, mentres que Corea do Sur e Singapur presentan crecementsos superiores ao do trimestre precedente, Malaisia modera o seu ritmo de aumento do PIB ao pasar do 5,8% do primeiro trimestre ao 4,1% do segundo debido ao menor

crecemento do gasto dos fogares e das exportacións.

Na zona euro, a actividade do segundo trimestre foi inferior á do primeiro, o aumento interanual do PIB cifrouse no 1,1% no segundo trimestre, dúas décimas menos que o crecemento do trimestre precedente. A contribución da demanda interna reduciuse unha décima no segundo trimestre con respecto ao primeiro mentres que a demanda externa tivo unha achega negativa de igual valor que no primeiro trimestre. A redución do avance foi xeral en todos os agregados: consumo final, formación bruta de capital, exportacións e importacións. Dentro da zona euro, descendeu o crecemento en Alemania e Francia mentres que Italia parece que se recupera. Os indicadores de confianza empresarial de Alemania e Italia, o avance da produción industrial e as exportacións en Francia, así como a caída do euro fronte ao dólar poñen a nota positiva neste panorama. En Portugal, economía moi relacionada coa galega, o PIB creceu no segundo trimestre un 0,5% con respecto ao segundo trimestre de 2004, o que significa un repunte de catro décimas con respecto ao aumento do primeiro trimestre debido a unha mellora da achega externa xa que a demanda interna descendeu no seu ritmo de crecemento.

O PIB do Reino Unido creceu un 1,8% no segundo trimestre, tres décimas menos que no trimestre precedente, polo que prosegue a desaceleración desta economía. O enfriamento do sector inmobiliario e a ralentización do crecemento do emprego

poderían indicar que o proceso de desaceleración continuará.

As principais economías de América Latina presentan fortes crecementos superiores aos rexistrados no trimestre precedente, así México, Arxentina, Venezuela e Brasil presentan crecementos do 3,1%, 10,1%, 11,1% e 3,9% respectivamente, favorecidos pola expansión da demanda interna.

Polo que respecta ás previsións de crecemento da economía mundial, os principais organismos internacionais prevén un retroceso na economía mundial para o presente ano aínda que o crecemento global podería ser superior ao 4%, unha cifra elevada. A desaceleración económica será xeneralizada pero afectará especialmente á economía europea onde o crecemento será moi reducido. Os principais riscos proveñen dos desequilibrios globais, do aumento da inflación, aínda que polo de agora os crecementos son menores dos esperados, e sobre todo da suba do prezo do petróleo que continua ao longo do presente ano pero que se podería conter debido a que a demanda xa comezou a baixar. Así, as previsións de outono do FMI, últimas dispoñibles no momento actual, tenden a rebaixar o crecemento de case tódalas economías en 2005 como se pode apreciar na seguinte táboa.

Previsións macroeconómicas. FMI.

Taxas de variación anual en %

	2004	2005	2006
Unión Europea	2,5	1,6	2,1
Area euro	2,0	1,2	1,8
Francia	2,0	1,5	1,8
Alemania	1,6	0,8	1,2
Italia	1,2	0,0	1,4
Portugal	1,0	0,5	1,2
España	3,1	3,2	3,0
Reino Unido	3,2	1,9	2,2
Estados Unidos	4,2	3,5	3,3
Xapón	2,7	2,0	2,0
Canada	2,9	2,9	3,2
China	9,5	9,0	8,2
India	7,3	7,1	6,3

FONTE: Fondo Monetario Internacional


II. Evolución recente da economía española.

As características principais da evolución da economía española no segundo trimestre de 2005 foron o incremento do ritmo de crecemento económico, do emprego, a contención das tensións inflacionistas e o mantemento dos crecementos salariais en baixos niveis.

O PIB da economía española creceu un 3,4% no segundo trimestre de 2005, unha décima superior ao aumento rexistrado no primeiro. A demanda interna segue a presentar fortes crecementos mantendo a súa achega igual que no primeiro trimestre, pola súa parte o saldo exterior mellora unha décima a súa contribución negativa ao crecemento que queda situada en -2,6 puntos porcentuais. O emprego crece a un ritmo do 3,2%, dúas décimas superior ao avance do trimestre

precedente mentres que o custo laboral unitario creceu un 2,5%, unha décima superior ao do primeiro trimestre pero que se sitúa 1,7 puntos porcentuais por debaixo do deflactor do PIB.

PIB prezos constantes.
Taxas de variación interanuais. Datos
corrixidos de estacionalidade e
calendario.



Dende a óptica da demanda, o gasto en consumo final dos fogares presenta un aumento interanual estabilizado no 4,8% mentres que o gasto en consumo das administracións públicas descende nove décimas ata quedar situado no 4,6%. A formación bruta de capital fixo presenta un crecemento acelerado, 7,5% fronte o 7% do período anterior como consecuencia do impulso que presentan tódolos seus compoñentes. As exportacións de bens e servizos rexistraron un avance do 1,9% repuntando con respecto ao descenso do 1,9% rexistrado no primeiro trimestre, este favorable comportamento compensou o impulso que tamén mostraron as importacións (8% fronte ao 5,6% do primeiro trimestre) mellorando nunha décima a achega do sector exterior como comentamos anteriormente.

Dende a perspectiva da oferta, experimentaron un crecemento superior ao trimestre precedente as ramas de servizos de mercado (4,3% fronte ao 4% do trimestre precedente), a construción (5,7% fronte ao 5,6% do primeiro) e as ramas agrarias e pesqueiras aínda que estas últimas continúan en taxas negativas. As ramas industriais e enerxéticas (1,3%) e os servizos de non mercado (3,2%) descenderon o seu ritmo de avance.

Polo que respecta ao emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, o aumento foi dúas décimas superior ao do primeiro trimestre quedando situado no 3,2%; destaca sobre todo o dinamismo mostrado no sector da construción (8,5%) e dos servizos de mercado (2,9%). Esta aceleración do crecemento da ocupación está en consonancia cos datos da EPA que incrementou en un punto porcentual a taxa interanual de crecemento dos ocupados ata situala no 5%. O incremento da produtividade aparente do factor traballo situouse no 0,2%, unha décima inferior á do trimestre anterior.

O deflactor implícito rexistrou un aumento do 4,2%, o mesmo crecemento que no trimestre anterior. Por debaixo do trimestre anterior creceron os prezos dos produtos de consumo final dos fogares, das Administracións Públicas e da formación bruta de capital e se reduciron en maior medida os prezos de exportación que de importación. A inflación no segundo trimestre foi do 3,2%, unha décima inferior ao crecemento do trimestre precedente que reflicte a resistencia á baixa que presenta

a inflación polos prezos do petróleo xa que a inflación subxacente reduciuse en tres décimas, pasando do 2,9% do primeiro trimestre ao 2,6% no segundo; aínda así o diferencial co resto de Europa é polo de agora elevado.

Polo que respecta ás previsións de crecemento para o ano 2005 e 2006, o FMI outorga un aumento do 3,2% en 2005, unha décima por enriba do crecemento de 2004 e un crecemento do 3% en 2006. Pola súa parte o Goberno prevé un aumento do 3,3% tanto en 2005 como en 2006 como se pode apreciar na seguinte táboa.

Previsións macroeconómicas. España. Taxas de variación interanual en %

	2004	2005	2006
<i>PIB. Demanda</i>			
Gasto en consumo final nacional.	4,8	4,1	3,9
Fogares (1)	4,4	3,7	3,6
AA.PP.	6,0	5,3	4,6
Formación bruta de capital	4,8	6,7	5,0
Demanda interna	4,8	4,8	4,2
Exportacións	3,3	1,2	3,2
Importacións	9,3	6,6	6,2
Achega exterior	-1,8	-1,7	-1,1
Produto interior bruto	3,1	3,3	3,3
Emprego (2)	2,6	2,7	2,6

(1) Inclúe ás ISFLSF


(2) Postos de traballo equivalentes a tempo completo

FONTE: Ministerio de Economía

III. A economía galega no segundo trimestre de 2005.

III.1. Demanda.

O PIB da economía galega creceu un 3,1%¹ no segundo trimestre de 2005 en termos de datos corrixidos de efectos estacionais e calendario. A achega da demanda interna foi de 4,7 puntos porcentuais e a achega do sector exterior foi de -1,6 puntos. En comparación co ocorrido no trimestre anterior obsérvase un crecemento do PIB de catro décimas debido a que a achega da demanda interna se elevou nesa mesma porcentaxe xa que a achega exterior permaneceu constante.




III.1.1 Demanda interna.

Dentro da demanda interna o máis destacable é o aumento da formación bruta de capital, debido principalmente ao mantemento dun

¹ A metodoloxía empregada non incorpora polo de agora os cambios debidos ós regramentos europeos sobre índices de volume e os SIFMI, en abril de 2006 estarán dispoñibles os datos adaptados a estes cambios.

forte investimento en construción residencial e en bens de equipo, así como o mantemento dun elevado crecemento do gasto en consumo final dos fogares que supón case un 55% da demanda interna.

O gasto en consumo final do fogares creceu un 3,3% no segundo trimestre, unha décima superior ao avance rexistrado no trimestre precedente, este crecemento é congruente co comportamento da maioría dos indicadores de consumo e de rendas.






O indicador de renda salarial real rexistrou un crecemento do 3,8% no segundo trimestre do presente ano, sete décimas por enriba do aumento rexistrado no trimestre precedente. Foron os tres compoñentes do indicador os que impulsaron o crecemento do mesmo: a afiliación asalariada, o incremento salarial pactado en convenios e por último os prezos de consumo.

As importacións de bens de consumo mostran un comportamento similar pero máis acusado xa que no segundo trimestre a taxa interanual

avanzou case 10 puntos con respecto ao crecemento rexistrado no primeiro trimestre. O mesmo cabe dicir das matriculación de turismos que experimentaron unha elevación no seu ritmo de crecemento interanual ao pasar dunha taxa do -2,5% do primeiro trimestre a 2,5% no segundo.

crecemento do primeiro ao segundo trimestre que se cuantifica en 2,6 puntos porcentuais en termos correntes. A prezos constantes, utilizando o IPC como deflactor, o comportamento é similar xa que pasa dun aumento do 4,3% no primeiro trimestre a un 1,9% no segundo.




En cambio, o Índice de vendas de comercio polo miúdo presenta unha evolución disonante co referido anteriormente, o índice xeral presentou un descenso no seu ritmo de

A formación bruta de capital creceu no segundo trimestre de 2005 a un ritmo do 6,5% o que supón un incremento de cinco décimas con respecto ao aumento rexistrado no primeiro trimestre. Neste comportamento ten unha importancia moi destacada o investimento en bens de equipo e o investimento en construción residencial. O investimento público e o investimento en construción non residencial seguen coa súa tónica descendente, máis acusado no segundo caso que no primeiro.


Os indicadores de investimento en bens de equipo presentan un comportamento claramente ascendente no seu ritmo de avance, así, as importacións de bens de equipo medidas en termos constantes

presentaron no segundo trimestre deste ano un crecemento moi elevado que se explica pola importación de buques, pero aínda restando a contribución destes bens o aumento é superior ao do trimestre precedente. O outro indicador de investimento en bens de equipo, as matriculacións de vehículos de carga, presenta un comportamento similar ao pasar dun crecemento do 3,3% no primeiro trimestre a un aumento do 8,8% no segundo.



O investimento en construción residencial creceu no segundo trimestre un 20,6%, 8,7 puntos porcentuais superior ao avance rexistrado no trimestre precedente. Este crecemento podería manterse a este ritmo a xulgar polo comportamento recente tanto das licencias como dos visados. As primeiras logo de fortes crecementos en 2004 seguen a presentar taxas de aumento elevadas e os visados, que adiantan ás licencias, creceron no segundo trimestre de 2005 un 20%, superando en 16 puntos o crecemento rexistrado no primeiro.


Vivendas que se van construír.
Licencias concedidas polos concellos.
Ciclo-tendencia da serie periodificada.



O investimento público en enxeñaría civil rexistrou un descenso no segundo trimestre de 2005, descenso que se prolonga dende o terceiro trimestre de 2004.

En canto ao investimento en edificación non residencial, a situación é parella ao que ocorre co investimento público en enxeñaría civil xa que no segundo trimestre permanece a tendencia descendente con taxas interanuais próximas ao -50%.

Edificación non residencial.
Superficie a construír. Miles de m²
Variacións interanuais.




III.1.2. Sector exterior.

A aceleración que experimentaron tanto as exportacións como as importacións foi a principal característica do comportamento do sector exterior no segundo trimestre de 2005 logo de tres trimestres consecutivos de desaceleración. O comportamento do sector exterior supuxo unha achega negativa ao crecemento cifrada en 1,6 puntos porcentuais en termos de datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, igual á rexistrada no primeiro trimestre. Con respecto ao primeiro trimestre as exportacións de bens e servizos aumentaron o seu ritmo de aumento en 7 décimas ata quedar situadas cunha taxa de variación interanual do 4,5%, as importacións elevaron o seu ritmo de avance en cinco décimas polo que a taxa interanual alcanzou o 5,8%.

As exportacións de bens ao resto do mundo, excluindo o resto de España, creceron en termos constantes un 9,2%, o que supón unha forte elevación do ritmo de crecemento con respecto ao primeiro trimestre que rexistrou un aumento nulo, en termos nominais o comportamento é similar xa que as exportacións creceron case 10 puntos porcentuais ata situarse cun crecemento do 8,9%. Tendo en conta as distintas áreas económicas coas que comerciamos pódese apreciar un forte aumento das exportacións en termos nominais en tódalas áreas fóra da UE que, a pesar de supoñer un 27% do comercio total, aportan 8,6 puntos ao crecemento total.

Polo que respecta ao gasto en consumo final dos fogares non residentes os indicadores

Comercio exterior. Exportacións.
Prezos constantes de 2000. Variacións interanuais




dispoñibles poñen de manifesto un deterioro neste apartado, xa que tanto as pernoitas como os viaxeiros entrados nos establecementos hoteleiros galegos presentan un comportamento negativo con descensos interanuais do 12,1% no primeiro caso e do 10,5% no segundo, este descenso sería menos acusado se corriximos as series do efecto da Semana Santa quedando ámbalas dúas taxas en cifras do entorno do -7%, tamén hai que ter en conta para explicar este descenso os fortes crecementsos que se produciron nestas dúas variables no mesmo trimestre do ano pasado debido ao Xacobeo.

Pola súa parte as importacións de bens co resto do mundo presentaron en termos reais un crecemento do 12,5% no segundo trimestre, o que supón unha aceleración de tres décimas no seu ritmo de aumento, mentres que en termos nominais o crecemento foi do 15,8% reducíndose seis décimas con respecto ao avance rexistrado no trimestres precedente, os índices de prezos de importación do comercio exterior reflicten unha

elevación do ritmo de crecemento dos prezos dos bens de consumo, dos bens de capital e unha redución nos intermedios a pesar de que os dos bens intermedios enerxéticos superan en catro puntos o aumento rexistrado no primeiro trimestre.


Comercio exterior. Importacións. Prezos constantes de 2000. Variacións interanuais



III.2. Oferta.

Dende a perspectiva dos sectores produtivos, o incremento do PIB nun 3,1% no segundo trimestre de 2005 que foi de catro décimas por enriba do rexistrado no trimestre precedente, debeuse ao maior crecemento das ramas agrarias e pesqueiras, enerxéticas e dos servizos, tanto os de mercado como os non de mercado, mentres que as ramas de produtos industriais e a construción reduciron o seu ritmo de avance.

PIB pm. Prezos constantes de 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Variacións interanuais



III.2.1 Sector primario.


O VEB das ramas agrarias rexistrou un crecemento do 3,8% no segundo trimestre, o que supón un aumento de 3,5 puntos porcentuais con respecto ao aumento acadado no primeiro trimestre. Por sectores podemos falar de lixeiros crecementos nos produtos agrarios cunha boa campaña vinícola, taxas máis positivas no caso da produción gandeira e crecementos negativos no que vai de ano da produción forestal.

III.2.2 Sector industrial.

O VEB da industria descendeu no segundo trimestre un 0,2%, un punto por debaixo de crecemento do primeiro trimestre. Descenderon 1,3 puntos as ramas de produtos industriais e incrementáronse tres décimas as de produtos enerxéticos.

Esta evolución é congruente co Índice de produción industrial de Galicia se o corriximos do efecto da semana santa, posto que con esta corrección o índice presenta un aumento no segundo trimestre inferior ao primeiro. Con

respecto ás que presentan un peor comportamento dentro das de maior valor engadido destaca a produción de distribución de enerxía eléctrica (-24,8%) e a construción e reparación naval (-18,5%), mentres que presentan un mellor comportamento as de confección de prendas de vestir en téxtiles e accesorios (17,2%), as de fabricación de elementos metálicos para a construción (18,0%) e as de fabricación de chapas, taboleiros contrachapados, ... (17,4%).



III.2.3 Construción.

O VEB do sector da construción creceu no segundo trimestre de 2005 un 3,7%, que supón un retroceso de seis décimas con respecto ao crecemento acadado no primeiro trimestre.

A razón deste lixeiro descenso no ritmo de crecemento débese atribuír ao comportamento tanto da obra pública en enxeñería civil como da edificación non residencial. A primeira presenta un perfil descendente dende o terceiro trimestre de 2004 cun aumento case

nulo no segundo trimestre de 2005, esta tendencia podería continuar así o que queda de ano pero o bo comportamento da licitación oficial en febreiro, marzo e abril podería inverter a tendencia a máis longo prazo. A edificación non residencial mostra un aspecto similar pero con taxas de crecemento moi inferiores, a recuperación deste apartado, igual que no caso da obra civil, podería producirse a finais de ano debido ao comportamento recente tanto das licencias como dos visados.

A construción residencial presenta, en cambio, unha tendencia de crecemento acelerado, as súas altas taxas de crecemento poderían manterse todo este ano e parte do próximo tendo en conta a información de visados de obra que creceron nos primeiros sete meses do ano a case un 10%.

III.2.4 Servizos.

O VEB do sector servizos creceu un 3,6%, catro décimas superior ao crecemento rexistrado no primeiro trimestre. Con respecto ao trimestre anterior aumentaron o seu ritmo de crecemento tanto os servizos de mercado como os non de mercado.

Dentro dos servizos de mercado cabe destacar o comportamento do transporte segundo indican o transporte aéreo de pasaxeiros cun crecemento do 23,1% e o marítimo de mercancías (6,0%), os servizos a empresas se atendemos ao bo comportamento do emprego afiliado nesas ramas. Os servizos relacionados co comercio e co sector turístico foron os que reduciron o

seu ritmo de crecemento se temos en conta os datos do índice de vendas de comercio polo miúdo ou os datos da ocupación hoteleira.

Pernoitas en establecementos hoteleiros.
Variacións interanuais




III.3. Mercado de traballo.

Segundo a EPA o número de activos no segundo trimestre de 2005 quedou situado en 1.252.600 persoas das cales 1.113.400 eran ocupadas e 139.200 paradas. En relación co segundo trimestre de 2004 a poboación activa incrementouse un 1,0%, a ocupada un 2,3% mentres que a parada se reduciu un 6,7%, con datos corrixidos do impacto do cambio da EPA introducidos no primeiro trimestre deste ano. A taxa de paro rexistrou un repunte de dúas décimas con respecto ao primeiro trimestre quedando situada no 11,1%.

As afiliacións á Seguridade Social creceron un 2,7% no segundo trimestre de 2005, o que supón un repunte de dúas décimas no seu ritmo de crecemento. Este comportamento supón retomar a senda de crecemento acelerado que viña ocorrendo dende o

primeiro trimestre de 2004 e que se viu truncada no primeiro trimestre de 2005. Polo contrario, a taxa de variación interanual da ocupación segundo a EPA diminuíu dende o primeiro trimestre ao segundo.

Ocupados EPA e Afiliacións trimestrais.
Variacións interanuais



Paro EPA e paro rexistrado trimestral.
Variacións interanuais




Por outra parte, o número de parados rexistrados nas oficinas de emprego descendeu un 3,1% no segundo trimestre de 2005. O dato do segundo trimestre supón un descenso da taxa interanual de 1,8 puntos porcentuais con respecto ao do primeiro

trimestre, tendencia que se mantén dende o terceiro trimestre de 2004.

III.4. Salarios e prezos.

No segundo trimestre de 2005 os prezos dos bens consumidos polos fogares galegos creceron un 3,1%, dúas décimas por debaixo do crecemento rexistrado no primeiro trimestre, e quedaron situados unha décima por debaixo dos prezos nacionais logo de que nos dous trimestres anteriores o crecemento fora maior en Galicia. A inflación subxacente presentou un descenso no seu crecemento máis acusado que o índice xeral, catro décimas, quedando situada no 2,6%.


IPC XERAL.
Variacións interanuais



O crecemento do 3,1% do IPC foi a resultante dun crecemento do 3,2% en Alimentación, bebidas alcohólicas e tabaco, unha décima menos que no primeiro trimestre, e dun crecemento do 3,1% en non alimentación, dúas décimas menos que no trimestre precedente. Dentro da alimentación, bebidas alcohólicas e tabaco, os produtos de

alimentación presentaron no segundo trimestre un crecemento lixeiramente inferior ao do primeiro situándose no 3% mentres que as bebidas alcohólicas e o tabaco seguen a presentar un forte crecemento do 5,2%, dúas décimas superior ao crecemento do primeiro trimestre.

IPC Sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.
Variacións interanuais




Polo que respecta aos produtos non alimentarios os grupos máis inflacionistas foron: Vivenda cun crecemento interanual do 5,9%, 1,1 puntos superior ao rexistrado no trimestre precedente, debido principalmente aos altos prezos da electricidade, gas e outros combustibles; Transporte (5,1%), Hoteles, cafés e restaurantes (4,1%) e Ensino (4,1%), estes tres grupos minoraron o seu crecemento con respecto ao primeiro trimestre. Con crecementos interanuais moito máis moderados e tamén con tendencia descendente están os grupos de Vestido e calzado (1,3%), Medicina (0,6%), Comunicaci3ns (-2,2%) e Ocio (-0,7%). Por último o grupo de Enxoval e servizos para o fogar presenta a mesma taxa interanual que

no trimestre anterior (2,9%) e o grupo de Outros bens e servizos aumentou o seu crecemento unha décima con respecto ao primeiro trimestre ata quedar situado no 2,6%.

En comparación co conxunto do Estado e en termos de taxa intaranual, os maiores diferenciais de crecemento corresponderon os grupos Enxoval e servizos para o fogar, Vivenda e Ocio. O crecemento é similar no grupo de Vestido e calzado e os diferenciais son negativos no resto de grupos.


Enquisa trimestral de custos laborais
Custo salarial total. Variacións interanuais



No que respecta aos salarios, os datos dispoñibles da enquisa trimestral de custo laboral poñen de manifesto un descenso do crecemento do custo laboral ao pasar dunha taxa interanual do 3,2% do primeiro trimestre ao 2,9% do segundo trimestre, por sectores presentan altas taxas de crecementos a industria e a construción (5,3% e 6,4% respectivamente) mentres que os servizos creceron un 1%. En cambio, o custo salarial, que permanece con crecementos moito máis modestos, acelerouse cinco décimas ao pasar dun 1,3% no primeiro trimestre a un 1,8% no

segundo. Segundo a información que proporciona o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais sobre o incremento salarial pactado nos convenios colectivos ata xuño, que foi dun 3,52% é lixeiramente inferior ao pactado ata marzo.

Incremento salarial pactado en convenio.
Variacións interanuais



IV. Perspectivas a curto prazo.

Como xa se comentou no apartado da economía internacional, as perspectivas de crecemento económico mundial son de claro descenso para o presente ano. Segundo os últimos datos dispoñibles a produción industrial e as exportacións melloran na maioría dos países industrializados mentres que se acrecentan os riscos que ameazan a estabilidade dos prezos a medio prazo, fundamentalmente debido ao continuado crecemento do prezo da enerxía. En España a previsión de crecemento para este ano supera en dúas décimas ao crecemento rexistrado en 2004 e susténtase sobre todo no forte crecemento da formación bruta de capital e na

mellora da achega exterior. Polo que respecta á evolución da economía galega no que resta de ano as perspectivas son de mantemento dos crecementos actuais sustentados principalmente polo crecemento do gasto en consumo final dos fogares e pola formación bruta de capital mentres que descenderá o gasto en consumo final dos non residentes.

V. Resumo e conclusións.

1.- No segundo trimestre de 2005 a evolución da economía internacional caracterizouse por unha ralentización no crecemento con respecto ao crecemento do primeiro trimestre, debido en parte a alza que veñen experimentando os prezos do cru. Polo que respecta ás previsións de crecemento da economía mundial, os principais organismos internacionais prevén un retroceso na economía mundial para o presente ano aínda que o crecemento global podería ser superior ao 4%, unha cifra elevada. A desaceleración económica será xeneralizada pero afectará especialmente á economía europea onde o crecemento será moi reducido.

2.- As características principais da evolución da economía española no segundo trimestre de 2005 foron o incremento do ritmo de crecemento económico, do emprego, a contención das tensións inflacionistas e o mantemento dos crecementos salariais en baixos niveis. O PIB da economía española creceu un 3,4% no segundo trimestre de 2005, unha décima superior ao crecemento rexistrado no primeiro. O emprego da economía crece a un ritmo do 3,2%, dúas

décimas superior ao crecemento do trimestre precedente mentres que o custo laboral unitario creceu un 2,5%, unha décima superior ao do primeiro trimestre pero que se sitúa 1,7 puntos porcentuais por debaixo do deflactor do PIB.

3.- O PIB da economía galega creceu un 3,1% no segundo trimestre de 2005 en termos de datos corrixidos de efectos estacionais e calendario. A achega da demanda interna foi de 4,7 puntos porcentuais e a achega do sector exterior foi de -1,6 puntos.

Dende a perspectiva da demanda interna o máis destacable é o crecemento da formación bruta de capital, debido principalmente ao mantemento dun forte investimento en construción residencial e en bens de equipo, así como o mantemento dun elevado crecemento do gasto en consumo final dos fogares.

Dende a perspectiva dos sectores produtivos creceron a un ritmo superior ao trimestre precedente as ramas agrarias e pesqueiras, as de produtos enerxéticos e os servizos, tanto os de mercado como os non de mercado, mentres que as ramas de produtos industriais e a construción reduciron o seu ritmo de crecemento.

4.- O comportamento do mercado de traballo segue a ser positivo. En relación co segundo trimestre de 2004, segundo a EPA, a poboación activa incrementouse un 1,0%, a ocupada un 2,3% mentres que a parada se reduciu un 6,7%, con datos corrixidos do impacto do cambio da EPA introducidos no primeiro trimestre deste ano. A taxa de paro

